

Os **obxectivos** xerais da Oferta Educativa son:

- Fomenta-la comprensión do presente descubriendo a importancia do pasado, interpretando os feitos e as distintas realidades, e establecendo diferentes relacións en funcións dos cambios acontecidos
- Analizala relación humana co medio ó longo do pasado.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos relevantes da Prehistoria e Historia Antiga de Galicia.
- Comprenderas diferencias e similitudes do noso Patrimonio Histórico con respecto á outros lugares de España.
- Asumila responsabilidade que supón a conservación do Patrimonio Histórico e a apreciación del como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.

Con estes obxectivos promoveranse **actitudes** de:

- Interese, curiosidade e gusto por coñecer aspectos de épocas pasadas.
- Valoración do progreso do ser humano como consecuencia da súa evolución histórica.
- Valoración da relación da humanidade co medio ó longo do tempo, dende un procesos inicial de adaptación e respecto, ate procesos de transformación e destrución.
- Respecto polo Patrimonio Histórico e valoración do mesmo como fonte de información sobre os nosos devanceiros, e como elemento configurador da nosa identidade.

Os **procedementos**, ó igual cas aptitudes e obxectivos, teñen unha adecuación en cada unidade ó seu currículo específico, sinalando como xerais os seguintes (75 min.):

- Visualización dunha presentación multimedia elaborada para cada unidade.
- Visita guiada á exposición permanente do Museo.
- Traballo coas fichas da unidade correspondente.

Estes procedementos xerais poden ser conxugados con outros para **complementa-la visita** (45-90 min.):

- **Arqueoloxía en Acción.** Manipulación de réplicas arqueolóxicas para comprender seu uso e o xeito de elaboración.
- **Obradoiro de Debuxo Prehistórico.** Realización de debuxos con técnicas e motivos propias das distintas fases da Prehistoria.
- **Obradoiro de Cerámica.** Modelado de formas cerámicas con técnicas antigas.
- **Obradoiro de Tecnoloxía Paleolítica.** Reconstrucións tecnolóxicas da época.
- **Obradoiro de Restauración.** Restauración de diferentes vasillas cerámicas.
- **Ruta Arqueolóxica.** Visita guiada a xacementos arqueolóxicos (Paleolítico, Megalitismo, Castro), 3 horas.



Obradoiros



Existe un **Manual do Profesorado** concibido como un documento de consulta onde se poden ampliar os conceptos inseridos nos libros de texto. Nel recóllense novos datos e actualizacións que poden matizar algúns contidos e conceptos non actualizados nos textos escolares.

Tamén dispónse dunha serie de **Fichas Monográficas** sobre temas individualizados (O Paso do Tempo, A Vivenda, Prácticas Funerarias, Megalitismo, Epigrafía Romana, etc.).

As actividades deste programa están dispoñibles todo o ano, para participar nelas terase que cursar unha **solicitude** cunha antelación mínima de quince días antes da data elixida.

VISITA FAMILIAR

A oferta educativa complétase co Programa de Visita Familiar, onde os pais poden facer de guías dos seus fillos valéndose das Audioguías, ou utilizando o Manual de Visita Familiar; con este recurso ofrécese a posibilidade de traballar cunhas fichas didácticas de temática xeral ou monográfica.

Para este tipo de visita non é necesaria a solicitude previa.



MUSEO
de Prehistoria e Arqueoloxía
de Vilalba



CONCELLO DE VILALBA

Rúa Dr. Domingo Goas, 2. 27800 Vilalba (Lugo)
Tlf.: 982-511383. www.museovilalba.org
museo@museovilalba.org

Programa Educativo

MUSEO
de Prehistoria e Arqueoloxía
de Vilalba



Novo
Montaxe



O Programa Educativo do Museo divídese en dúas liñas: Visita Escolar e Visita Familiar. Ámbalas dúas céntranse na **Prehistoria e a Historia Antiga** do Noroeste Peninsular.

A exposición permanente recolle restos que van dende os primeiros poboadores de Galicia, e a súa máis antiga manifestación artística, ate a Época Romana, pasando polas diferentes épocas e culturas da Prehistoria e Protohistoria de Galicia; Entendendo estes restos non como elementos illados, senón como elementos que nos permiten achegarnos ás sociedades pasadas e ós seus modos de vida. Así, dunha forma didáctica a evolución de formas de vida, manifestacións artísticas e tecnoloxía deste longo pasado, ofrecendo un discurso lineal onde se recollen as características diferenciadoras de cada bloque temático, así como os elementos e tradicións perdurables.

BLOQUES TEMÁTICOS

- Bloque 0. Introducción**
- Cronoloxía
 - Cambios climáticos e faunísticos
 - Arqueoloxía como ciencia
- Bloque 1. Idade da Pedra Lascada**
- Hominización
 - Paleolítico
 - Epipaleolítico
 - Mesolítico
- Bloque 2. Idade da Pedra Pulida**
- Neolítico
 - Megalitismo
- Bloque 3. Idade de Bronce**
- Calcolítico
 - Idade do Bronce
- Bloque 4. Idade de Ferro**
- Mundo Castrexo
- Bloque 5. Época Romana**
- Hispania romana
 - Gallaecia romana

VISITA ESCOLAR

A **Visita Escolar** relaciona os currículos educativos da ensinanza non universitaria cos contidos da exposición permanente e coa temática do centro. Transversalmente ofrécense contidos vinculados ás Ciencias da Natureza, como a presenza de restos fósiles de especies faunísticas que moraron Galicia hai 30.000 anos, e a evolución da relación da sociedade co medio dende os primeiros tempos da humanidade.



Materiais arqueolóxicos

A Oferta Educativa recolle as seguintes unidades e **contidos xerais**:

- Unidade 1. Coñecemento do medio natural, social e cultural. Infantil / 1º Ciclo Primaria.**
- O paso do tempo, espazo temporal.
 - Relación entre fauna, paisaxe e clima.
 - Actividades de subsistencia: caza, pesca, recoleita, gandería e agricultura.
 - Distintos materiais para diferentes usos: pedra, cerámica, metal.
 - Das covas ás cidades, evolución dos lugares de habitación.
- Unidade 2. Coñecemento do medio natural, social e cultural. 2º Ciclo Primaria.**
- Diferencias entre Prehistoria e Historia.
 - Liñas do tempo, cronoloxías (a.C., d.C.).
 - Os grandes períodos da Prehistoria.
 - Os Romanos.
 - Pegadas do pasado.
- Unidade 3. Coñecemento do medio natural, social e cultural. 3º Ciclo Primaria.**
- Faunas extintas e paisaxes pretéritos.
 - Principais etapas da Prehistoria e formas de vida.
 - Protohistoria e dominación romana.
 - Acontecementos.
 - Xacementos importantes.
 - Valora-lo Patrimonio Histórico.
- Unidade 4. Cc Ss, Xeografía e Historia. 1º E.S.O.**
- Aorixe da Humanidade.
 - As sociedades do Paleolítico.
 - O Neolítico e a Idade dos Metais.
 - Roma e o seu legado.
- Unidade 5. Cultura clásica. 2º Ciclo E.S.O.**
- O Mundo Clásico.
 - A Hispania Romana.
 - Sociedade.
 - Relixión.
 - O legado de Roma.

- Unidade 6. Historia. 2º B.A.C.**
- Os inicios do poboamento peninsular.
 - O proceso de hominización.
 - Os primeiros galegos: O Paleolítico.
 - As sociedades labregas.
 - O Fenómeno Cultural Castrexo.
 - A dominación romana de Galicia.

- Unidade 7. Historia da Arte. 2º B.A.C.**
- Arte Paleolítico.
 - Arquitectura megalítica.
 - Os petróglifos.
 - Arte castrexa.
 - Escultura, pintura e releve romanos.
 - Arquitectura romana en Galicia.

- Unidade 8. Linguas clásicas. B.A.C.**
- O Mundo Clásico.
 - Expansión romana por Europa.
 - Administración e economía da Hispania.
 - Vida cotián.
 - Relixión e Mitoloxía.
 - Arte Romano.
 - Legado de Roma, restos e herdanza.
 - *A Gallaecia* romana

- Unidade 9. Filosofía. 1º B.A.C.**
- O ser humano no proceso evolutivo.
 - Relixiosidade e prácticas funerarias.
 - Creación artística e pensamento simbólico.



Xacementos Visitables